

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 5 de maio de 2023, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a participación no programa Conecta co Camiño, dirixido a mozos e mozas de orixe galega ou descendentes de persoas emigrantes galegas e que residan no exterior, e se realiza a súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento PR930D).

A Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, define a galegitude como o dereito das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia a colaboraren e a compartiren a vida social e cultural do pobo galego, tal e como sinala o artigo 7.1 do Estatuto de autonomía de Galicia.

En execución da Lei 7/2013, do 13 de xuño, procede establecer o marco normativo a que deberá axustarse o procedemento de concesión de subvencións e a colaboración das entidades galegas establecidas no exterior, para posibilitar que persoas mozas residentes no exterior participen en programas que lles permitan coñecer o patrimonio cultural galego e manter vínculos de todo tipo con Galicia e o seu pobo.

Segundo o establecido no artigo 22 do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño), a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponden as competencias en materia de emigración.

Así mesmo, a disposición adicional primeira do Decreto 108/2022, do 16 de xuño (DOG núm. 117, do 20 de xuño), desconcentra na persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración a competencia para a aprobación das bases, a convocatoria e as resolucións en materia de axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia.

A Secretaría Xeral da Emigración ten como un dos seus obxectivos impulsar a promoción e o desenvolvemento de actividades culturais e de tempo libre dirixidas á xuventude galega do exterior para reforzar os seus vínculos con Galicia, así como o fomento da participación desta nos programas e servizos que ao seu favor organice a Xunta de Galicia, e para acadar esta finalidade cóntase coa colaboración da Consellería de Política Social e



Xuventude da Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Para realizar todas estas funcións, a Secretaría Xeral da Emigración dispón de distintas liñas de axudas e subvencións baseadas nos principios de publicidade e concorrencia, segundo os criterios establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, con cargo aos fondos públicos.

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En virtude do exposto, no exercicio das competencias atribuídas no Decreto 108/2022, do 16 de xuño (DOG núm. 117, do 20 de xuño), e de conformidade co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da referida Lei 9/2007, nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e demais normativa de aplicación,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas que se rexerá a concesión das axudas correspondentes ao programa Conecta co Camiño para o ano 2023. Este programa ten por finalidade facilitar á mocidade da Galicia exterior o contacto coa cultura e a xeografía galegas a través da realización de distintos tramos do Camiño de Santiago Portugués ata chegar a Compostela.

2. Así mesmo, é obxecto desta resolución convocar estas axudas para o ano 2023, código de procedemento PR930D.

3. O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Co fin de lograr a efectiva difusión deste programa para vindeiras convocatorias e co obxectivo de garantir os principios de transparencia, accesibilidade da información e veracidade (artigo 2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno),



recolleranse experiencias e mesmo imaxes das instalacións e das persoas participantes que poderán ser empregadas para noticias contidas en xornais, publicacións e tamén divulgadas tanto a través de servizos da sociedade da información como na páxina web <https://emigracion.xunta.gal/>

Para estes efectos, a presentación da solicitude de participación implica a autorización para a publicación destas imaxes, que serán incorporadas ao ficheiro «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades», de acordo co previsto na información básica sobre a protección de datos persoais que figura no anexo II.

Artigo 2. *Número de prazas convocadas e características do programa*

1. Convócanse 60 prazas, para mozos e mozas residentes no estranxeiro, con idades comprendidas entre os 18 e os 20 anos, para o desenvolvemento de actividades relacionadas co Camiño de Santiago, durante 12 días, entre o 20 e 31 de xullo. Alojaranse na residencia xuvenil Altamar, en Vigo (Pontevedra), dependente da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social e Xuventude, para a realización dun programa dividido en dúas partes:

1ª. O percorrido de oito (8) tramos galegos a pé polo Camiño de Santiago Portugués e da Costa, ata Compostela.

2ª. A participación en actividades orientadas a coñecer aspectos da historia xacobeana e o patrimonio cultural vencellado á zona da contorna.

A distribución do número de prazas para cada país de orixe, idades e quendas detállase no anexo I.

2. A Consellería de Política Social e Xuventude colaborará na execución deste programa poñendo á disposición das persoas beneficiarias os servizos de aloxamento na residencia xuvenil asignada durante toda a estada e de manutención, en réxime de pensión completa, durante os días laborables.

3. A Secretaría Xeral da Emigración farase cargo da organización da viaxe e dos traslados aéreos das persoas participantes mediante o financiamento do custo dos billetes de ida e volta en avión, segundo o número de prazas que figuran no anexo I, así como do desenvolvemento das actividades, da manutención durante os días festivos e fins de semana, dos desprazamentos terrestres en Galicia de todas as persoas participantes durante



o programa e das que realicen un retorno inmediato desde a instalación en que rematen a actividade ata o aeroporto de saída e, se é o caso, da vixilancia da residencia a partir do día 24 de xullo. As viaxes serán, en todo caso, con destino e orixe nun aeroporto de Galicia.

4. Con carácter previo á realización da viaxe a Galicia, os mozos e mozas seleccionados/as asistirán ás sesións informativas que se realicen nos seus países de residencia, especificamente encamiñadas ao coñecemento da realidade galega en xeral e das actividades que se van desenvolver no programa en particular. Tamén serán informados/as das súas obrigas respecto do cumprimento do réxime interno das residencias ou albergues en que serán aloxados/as.

Artigo 3. *Persoas participantes*

1. Poderán optar a este programa os mozos e mozas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Ter a súa residencia habitual no exterior.
- b) Ter nacido en Galicia ou ser descendente de persoa emigrante galega.
- c) Ter a nacionalidade española.
- d) Estar vinculadas con calquera concello galego no padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE).
- e) As persoas participantes nas actividades deberán ter, o 30 de xuño de 2023, unha idade comprendida entre os 18 e os 20 anos.
- f) Carecer de discapacidades que lle impidan realizar a viaxe e participar con normalidade nas actividades do programa.
- g) Condicións económicas.
 - Para optar ás prazas con financiamento do 100 % da axuda da viaxe, o límite máximo dos ingresos persoais non poderá superar en dúas veces o salario mínimo interprofesional ou equivalente de referencia no país de residencia para o ano desta convocatoria, e o máximo admitido para a unidade familiar é o resultado de multiplicar o 70 % da devandita cifra polo número de persoas que convivan menos unha.



– As persoas solicitantes cuxa unidade familiar non dispoña de ingresos superiores a catro veces o salario mínimo interprofesional ou equivalente de referencia no país de residencia para o ano desta convocatoria deberán aboar 500 € se residen en América e 125 € se residen en Europa.

– As persoas solicitantes cuxa unidade familiar supere as ratios indicadas nos puntos anteriores deberán aboar 1.000 € se residen América e 250 € se residen en Europa.

2. Terán a consideración de rendas ou ingresos computables todo tipo de rendas, mesmo as axudas públicas ou privadas, os bens ou dereitos de que dispoña anualmente a persoa beneficiaria e/ou a súa unidade económica familiar, derivadas tanto do traballo como do capital, así como calquera outro substitutivo daqueles.

3. A unidade económica familiar estará integrada pola persoa solicitante, os pais e parentes por consanguinidade, afinidade ou adopción ata o segundo grao que convivan con ela, así como, se é o caso, o cónxuxe, parella de feito ou relación análoga de afectividade.

Artigo 4. *Forma e lugar de presentación das solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (anexo II) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas solicitantes que non posúan certificado electrónico e así o desexen poderán dirixirse ás delegacións da Xunta en Bos Aires e Montevideo, e ás entidades colaboradoras que se indican a seguir, nas cales existen persoas habilitadas para o efecto, para a presentación electrónica das súas solicitudes:

- No Brasil:
 - Peña Galega da Casa de España de Río de Janeiro.
 - Sociedade Hispano Brasileira de Socorros Mutuos e Instrución de São Paulo.
 - Sociedade de Socorros Mutuos e Beneficencia Rosalía de Castro en Santos.



– Asociación Cultural Hispano-Galega de Cabaleiros de Santiago, en Salvador de Bahía.

• En Venezuela:

– Irmandade Galega de Venezuela en Caracas.

• En Cuba:

– Federación de Sociedades Galegas.

A utilización desta vía requirirá que a persoa participante autorice a persoa responsable da entidade colaboradora para que remita a súa solicitude vía electrónica, incluída no modelo normalizado de solicitude.

2. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

3. Cada persoa participante só poderá presentar unha solicitude e nela fará constar a súa preferencia para o regreso. Poderá prolongar a súa estadía por 15 días ou un mes desde o día do remate das actividades do programa.

4. A presentación da solicitude implica a aceptación das normas deste procedemento.

Artigo 5. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo II) a seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da identidade e nacionalidade: documento identificativo da persoa solicitante que posúa a nacionalidade española, ben sexa pasaporte español ou outro documento de identidade en que consten os seus datos persoais e a nacionalidade española segundo o caso, ademais do libro de familia, para aquelas persoas que non posúan DNI ou NIE.

b) Documentación acreditativa do nacemento en Galicia ou da ascendencia galega que inclúa a documentación acreditativa do parentesco, cando proceda.



c) Certificado de inscrición no Rexistro de Matrícula Consular ou outro documento oficial xustificativo que acredite a residencia continuada no exterior, en que conste a dilixencia de inscrición no Rexistro de Matrícula Consular.

d) Unha fotografía recente tamaño carné.

e) Un certificado médico, conforme o modelo oficial que figura como anexo IV, de non padecer enfermidade infectocontaxiosa e de ser apto/a para participar, con normalidade, en actividades recreativas e deportivas.

f) Para as persoas participantes que opten polas prazas con copagamento de 500 € ou 1.000 € ou 125 € ou 250 € segundo viaxen de América ou Europa respectivamente, unha certificación ou un xustificante acreditativo dos ingresos brutos, rendas ou pensións de calquera natureza que perciban as persoas interesadas e os membros da súa unidade económica familiar. No caso de imposibilidade xustificada de presentar esta documentación, poderá constituír documentación suficiente unha declaración responsable das persoas integrantes da unidade económica familiar.

g) No suposto de pretender quedar coa súa familia en Galicia ao rematar a actividade, a persoa solicitante deberán presentar unha declaración responsable en que figuren os datos deses familiares e o coñecemento e aceptación por parte deles, conforme o modelo que figura como anexo III.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán obtidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

3. A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

5. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas participantes unha serie de modelos normalizados para facilitar a realización de trámites administrativos despois da presentación das solicitudes de inicio. Estes modelos poderán presentalos de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 6. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Artigo 7. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) DNI/NIE da persoa solicitante.

b) Datos do padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE), para acreditar que a persoa participante está vinculada a un concello galego.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.



3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 8. *Comisión Avaliadora*

1. Os expedientes serán avaliados por un órgano colexiado formado por tres persoas funcionarias da Secretaría Xeral da Emigración: unha que exerce a presidencia, unha que exerce a vogalía e outra que actúa como secretaria, designadas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración. En caso de ausencia dalgunha das persoas integrante da Comisión de Avaliación, poderá ser substituída pola persoa funcionaria que para o efecto designe o/a titular da Secretaría Xeral da Emigración.

2. Para as solicitudes presentadas na Arxentina e no Uruguai poderanse crear comisións de avaliación, presididas polas persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia en Bos Aires e Montevideo, respectivamente. Para as solicitudes presentadas no Brasil e Venezuela, poderanse crear comisións de avaliación, presididas por unha persoa funcionaria técnica da Secretaría Xeral da Emigración. Estas comisións estarán compostas por persoal técnico das delegacións, no caso da Arxentina e do Uruguai, e no caso de todos os países citados, por membros dos centros galegos de cada país como representantes das comunidades galegas e coñecedores da realidade social en que residen, viven e se desenvolven as persoas solicitantes.

3. Os expedientes que non sexan examinados polas comisións mencionadas no punto 2, serano pola Comisión de Avaliación indicada no punto 1.

4. Se algunha das comisións de avaliación citadas así o considera, poderá encargar informes que comproben a veracidade dos datos achegados nas solicitudes e que deberán realizar profesionais titulados. Os resultados obtidos serán tidos en conta na avaliación das solicitudes e, se é o caso, darán lugar ao rexeitamento da solicitude.

5. Unha vez examinados os expedientes polas comisións previstas nos puntos anteriores, a Comisión de Avaliación citada no punto 1 elaborará un informe que elevará ao órgano instrutor para que formule a correspondente proposta de resolución.

6. O funcionamento da Comisión de Avaliación rexeráse polo disposto na sección 3ª do capítulo I do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia.



Artigo 9. Instrución

1. O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da referida Lei 9/2007, e demais normativa de aplicación.

2. O órgano instrutor será a subdirección xeral competente en materia de coordinación administrativa, económica e de programas sociais.

3. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e comprobado que as solicitudes reúnen os requisitos establecidos nesta resolución, elaboraranse listas provisionais de solicitudes admitidas e inadmitidas por países, sinalando as causas de inadmisión. Estas listas serán publicadas no prazo máximo de 50 días desde o remate do prazo de presentación de solicitudes, na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración (<https://emigracion.xunta.gal>), e tamén estarán expostas nos taboleiros de anuncios das delegacións e entidades colaboradoras citadas no artigo 4.1.

4. As persoas interesadas disporán dun prazo de 10 días hábiles, desde o día seguinte ao da publicación na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración das listas provisionais (<https://emigracion.xunta.gal>), para formular as alegacións que consideren oportunas e para emendar a solicitude. Transcorrido ese prazo sen que se emenden as causas de inadmisión, consideraranse desistidas da súa petición e procederase ao arquivamento do seu expediente nos termos establecidos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5. Transcorrido este prazo, elaboraranse as listas definitivas de solicitudes admitidas e excluídas, que se publicarán na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración (<https://emigracion.xunta.gal>) e tamén estarán expostas nos taboleiros de anuncios das delegacións e entidades colaboradoras citadas no artigo 4.1.

6. Nos seguintes días a correspondente comisión avaliadora elaborará unha relación de persoas seleccionadas atendendo aos seguintes criterios:

– En primeiro lugar, serán seleccionadas aquelas persoas que sexan fillos ou fillas de emigrantes galegos/as; de quedaren prazas vacantes, serán seleccionados os netos e netas destas persoas e así sucesivamente ata o terceiro grao de descendentes de persoas emigrantes galegas.



– O criterio de prelación, dentro de cada grao de parentesco, sería o de maior idade; de ter a mesma idade, o empate resolverase pola orde alfabética do primeiro apelido e, de ser este igual, polo segundo, a partir da letra resultante do sorteo que ten lugar anualmente en cumprimento do disposto no Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

As prazas que queden vacantes á vista da relación do punto anterior, poderán ser distribuídas proporcionalmente pola Secretaría Xeral da Emigración, entre aqueles países que teñan un maior número de solicitudes admitidas en relación co tipo de prazas ofertadas, e no correspondente tramo de idade, ata un máximo dun 25 % do total das prazas.

7. Publicada a relación definitiva de persoas beneficiarias na páxina web (<https://emigracion.xunta.gal>), as persoas participantes que queiran modificar as datas de retorno disporán de tres días hábiles para modificalas. Non será admisible ningún outro cambio a partir desa data, agás causas de forza maior ou debidamente xustificadas e autorizadas exclusivamente pola Secretaría Xeral da Emigración.

8. As persoas participantes admitidas e que non sexan seleccionadas pasarán a unha lista de reservas na orde resultante da aplicación dos criterios de selección anteriormente expostos e poderán substituír a aquelas seleccionadas que renuncien á praza.

9. As datas e condicións de aloxamento e manutención deste programa de axudas queda condicionado á programación que para este tipo de actividades elabore a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social e Xuventude.

10. O órgano instrutor, á vista dos expedientes e do informe da comisión avaliadora, formulará a correspondente proposta de resolución provisional debidamente motivada, que se publicará na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración (<https://emigracion.xunta.gal>) co fin de que no prazo de 10 días presenten as alegacións oportunas e, no caso de pretender non regresar inmediatamente despois da actividade ao seu lugar de residencia, a data do regreso e a conformidade da familia de acollida durante ese período.

Examinadas as alegacións aducidas, se é o caso, polas persoas interesadas, formularase a correspondente proposta de resolución que se elevará á persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración, que ditará a resolución que corresponda.



No caso de que no procedemento non se tivesen en conta outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polas persoas interesadas, poderase prescindir deste trámite de audiencia e, neste caso, a proposta de resolución terá o carácter de definitiva e elevarase á persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración, que ditará a resolución que corresponda.

Artigo 10. *Resolucións*

Unha vez realizada a selección das persoas beneficiarias, e vista a proposta de resolución definitiva do órgano instrutor, a persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración, no uso das competencias que lle atribúe o Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección competentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño), ditará as resolucións oportunas.

A continuación, publicarase a relación das persoas beneficiarias na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración (<https://emigracion.xunta.gal>), que tamén estará exposta nos taboleiros de anuncios das delegacións e entidades colaboradoras citadas no artigo 4.1.

No caso de que, con posterioridade á resolución, por renuncias ou outras circunstancias que imposibiliten a viaxe, queden prazas sen cubrir, a persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración poderá resolver, nas condicións que considere oportunas para non prexudicar o desenvolvemento normal do programa, a adjudicación das prazas vacantes ás persoas solicitantes seguintes que figuren na lista de reserva.

O prazo máximo para resolver será de 3 meses contados desde o día seguinte ao da finalización do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen que se diten as resolucións expresas, poderán entenderse desestimadas as solicitudes, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 11. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se efectúen ou deixen de practicarse por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario.



3. No caso de optar pola notificación en papel practicarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

5. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e entenderase rexeitada cando transcorresen 10 días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

6. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 12. *Obrigas das persoas beneficiarias*

1. No suposto de que as persoas beneficiarias presenten a baixa ou renuncia ao programa, deberán comunicar por escrito á Secretaría Xeral da Emigración, cunha antelación de 15 días antes da viaxe, a causa da renuncia. De non ser así, poderán ser penalizadas con non ser beneficiarias de edicións futuras do programa e, no caso de ter aboada a cantidade correspondente, non poderán recuperala.

2. As persoas adxudicatarias das prazas quedan obrigadas a:

a) Incorporarse á actividade e regresar polos medios e os prazos establecidos.

b) Respetar as normas de réxime interno dos lugares de aloxamento, así como de prevención obrigatorias fronte á COVID-19 que estean vixentes en Galicia durante a súa estadía e todas aquelas que se lles dean no transcurso das actividades, nas cales, en todo caso, terán a obriga de participar. Non cumprir estas normas poderá ter como consecuencia, logo do trámite de audiencia, a expulsión do programa e o regreso ao seu país de orixe no primeiro voo dispoñible.



Artigo 13. Concorrenza de axudas, seguimento e modificación da resolución

1. As axudas outorgadas ao abeiro desta resolución son compatibles con calquera outra axuda que poida ser concedida para a mesma finalidade. Non obstante, o importe da axuda en ningún caso poderá superar, illadamente ou en concorrencia con subvencións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da acción que vaia levar a cabo a persoa beneficiaria.

2. A Secretaría Xeral da Emigración levará a cabo a función de control, avaliación e seguimento das axudas concedidas ao abeiro desta resolución. Para realizar estas funcións poderán utilizarse cantos medios estean á disposición da Secretaría Xeral da Emigración para comprobar os requisitos exixidos na correspondente convocatoria anual e demais normas vixentes que resulten de aplicación, para o cal as entidades colaboradoras mencionadas nesta resolución prestarán toda a colaboración que lles sexa requirida.

3. As persoas beneficiarias quedan obrigadas a comunicarlle á Secretaría Xeral da Emigración, no momento en que se produza, calquera alteración dos requisitos exixidos na convocatoria ou de circunstancias sobrevidas, e a Secretaría Xeral da Emigración poderá adoptar a resolución de modificación ou revogación da concesión que corresponda.

Así mesmo, terán a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lles sexa requirida no exercicio das funcións de control que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ao Consello de Contas e Tribunal de Contas, no exercicio da súa función de fiscalización e control do destino destas axudas.

4. Procederá o reintegro total das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de demora ao beneficiario da axuda, nos casos de incumprimento das bases da convocatoria nos termos e supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Nos supostos en que se declare a procedencia do reintegro considerarase como cantidade recibida, que haberá que reintegrar, o importe dos billetes pagados pola Secretaría Xeral da Emigración xunto cos correspondentes xuros de demora de acordo co establecido no artigo 3.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 14. Financiamento

As axudas do presente programa teñen a consideración de axudas en especie e, consecuentemente, non supoñen contabilización do gasto. Os servizos que se prestan ás



persoas participantes neste programa serán obxecto de licitación de acordo coa normativa de contratos do sector público.

Artigo 15. Trámites posteriores á presentación de solicitudes

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, as persoas interesadas tamén poderán realizar os ditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 16. Transparencia e bo goberno

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que estean vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

3. Os datos das persoas beneficiarias da subvención incorporaranse ao Rexistro Público de Subvencións da Xunta de Galicia.

Artigo 17. Réxime de recursos

1. Contra esta resolución cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



2. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa. Se a resolución non for expresa, o recurso poderase interpoñer en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Facúltase a persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento do establecido nesta resolución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2023

Antonio Rodríguez Miranda
Secretario xeral da Emigración

ANEXO I

Prazas para o programa Conecta co Camiño 2023 (18-20 anos)

País	Aboamento				
	Total	0 €	500 € (América) /125 € (Europa)	1.000 €(América) /250 € (Europa)	Total
Arxentina	13	7	4	2	13
Brasil	7	3	2	2	7



País	Aboamento				Total
	Total	0 €	500 € (América) /125 € (Europa)	1.000 €(América) /250 € (Europa)	
Cuba	8	7	1	-	8
Uruguai	6	3	2	1	6
Venezuela	7	5	1	1	7
Resto de América	6	2	2	2	6
Europa	13	8	3	2	13
Totais	60	35	15	10	60



PROCEDEMENTO CONECTA CO CAMIÑO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO PR930D	DOCUMENTO SOLICITUDE
---------------------------------------	---	-----------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE				
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
C.P.	LOCALIDADE	PAÍS					
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					
DNI PAÍS RESIDENCIA	IDADE EN 30.6.2023	DATA DE NACEMENTO	PAÍS DE NACEMENTO				
PROVINCIA DE NACEMENTO	CONCELLO DE NACEMENTO	NACIONALIDADE					

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN					
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal :					
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.					
<input type="radio"/> Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal). Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.					
<input type="radio"/> Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).					
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	PAÍS			



**XUNTA
DE GALICIA**SECRETARÍA
XERAL DA
EMIGRACIÓNANEXO II
(continuación)**OUTROS DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

GRUPO SANGUÍNEO

SABE NADAR?

 SI NON

NECESITA ALGÚN TRATAMENTO?

PADECE ALGUNHA ALERXIA?

DETALLE DE VACINAS QUE LLE FORON ADMINISTRADAS

INTOLERANCIAS ALIMENTARIAS

MODALIDADE: ACTIVIDADES DE AIRE LIBRE OPTA Á AXUDA DE VIAXE DO 100 % OPTA POLO COPAGAMENTO DE 500 €
AMÉRICA/125 € EUROPA OPTA POLO COPAGAMENTO DE 1.000 €
AMÉRICA/250 € EUROPA**DATOS FAMILIARES**

TOTAL MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR

INGRESOS ANUAIS DA UNIDADE FAMILIAR EN MOEDA DO PAÍS

ASCENDENCIA GALEGA 1. AS DÚAS PERSOAS ASCENDENTES 3. O AVÓ PATERNO 5. A AVOA PATERNA 2. UNHA PERSOA ASCENDENTE 4. O AVÓ MATERNO 6. A AVOA MATERNA**INDÍQUENSE OS DATOS DA PERSOA ASCENDENTE GALEGA DA PERSOA SOLICITANTE:**

NOME E APELIDOS	PARENTESCO COA PERSOA SOLICITANTE	PROVINCIA NACEMENTO	CONCELLO NACEMENTO

FAMILIARES MÁIS PRÓXIMOS EN GALICIA (imprescindible cubrir para quen solicite os retornos 2 ou 3)

NOME	APELIDOS	PARENTESCO	ENDEREZO	TELÉFONO



**DATOS DA UNIDADE ECONÓMICA FAMILIAR. FAMILIARES QUE CONVIVEN COA PERSOA SOLICITANTE
DECLARACIÓN XURADA RESPONSABLE**

Declaro baixo xuramento que os ingresos, rendas ou pensións de calquera natureza que perciben anualmente os/as integrantes da unidade económica familiar (persoa beneficiaria, pai, nai, avós/avoas, irmáns/ás, cuñados/as) con que convive a persoa solicitante do programa

CONECTA CO CAMIÑO 2023

	APELIDOS	NOME	PARENTESCO	IDADE	INGRESOS MENSUAIS (1) (moeda do país)	PROCEDENCIA(2)
1						
2						
3						
4						
5						
6						
INGRESOS MENSUAIS DA PERSOA SOLICITANTE(1)						
TOTAL INGRESOS MENSUAIS DA UNIDADE FAMILIAR(1)						

INGRESOS TOTAIS ANUAIS (BRUTOS)(1)

ACLARACIÓN

(1) Os ingresos serán sempre brutos e en moeda do país de residencia.

(2) Pensión do país de residencia, pensión española, rendas (salario, autónomos...), outros ingresos.

PREFERENCIA PARA O REGRESO

- 1. A persoa solicitante debe regresar necesariamente ao rematar a actividade.
- 2. A persoa solicitante desexa quedar unha quincena coas súa familia en Galicia logo de rematar a actividade.
- 3. A persoa solicitante desexa quedar un mes coa súa familia en Galicia logo de rematar a actividade.

AUTORIZACIÓN

A persoa solicitante autoriza a persoa habilitada para o efecto da entidade colaboradora sinalada a seguir para presentar esta solicitude a través do Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia.

ENTIDADE COLABORADORA

Autorizo que se me remita información doutros programas ou futuras accións promovidas pola Secretaría Xeral da Emigración.

- SI NON

CVE-DOG: hq2rlh08-ztk4-ddk5-yux9-coqmszdvw7v4




A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención.
 Sí solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

<input type="checkbox"/>	Declaración responsable da persoa solicitante sobre a familia de acollida en Galicia segundo o anexo III, se é o caso			
<input type="checkbox"/>	Fotografía recente tamaño carné			
<input type="checkbox"/>	Certificado médico segundo modelo do anexo IV debidamente cuberto e asinado			
<input type="checkbox"/>	Certificación ou xustificante dos ingresos brutos, rendas ou pensións de calquera natureza que perciban a persoa interesada e os membros da unidade económica familiar (só para participantes que opten polas prazas con copagamento de 500 € ou 1.000 € ou 125 € ou 250 €, segundo viaxen de América ou Europa). No caso de imposibilidade xustificada de presentar esta documentación, poderá constituír documentación suficiente unha declaración responsable das persoas integrantes da unidade económica familiar			
		ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/>	Documentación acreditativa da identidade e nacionalidade española da persoa solicitante			
<input type="checkbox"/>	Documentación acreditativa do nacemento en Galicia ou da ascendencia galega que inclúa a documentación acreditativa do parentesco, cando proceda			
<input type="checkbox"/>	Certificado de inscrición no Rexistro de Matrícula Consular ou outro documento oficial xustificativo que acredite a residencia continuada no exterior, en que conste a dilixencia de inscrición no Rexistro de Matrícula Consular			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE) para acreditar que a persoa participante está vinculada a un concello galego	<input type="checkbox"/>




INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Secretaría Xeral da Emigración.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo. Tamén terán como finalidade informar doutros programas ou futuras accións promovidas pola Secretaría Xeral da Emigración.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou coa finalidade de comprobación de cumprimento de requisitos ou compatibilidade doutras axudas. Así mesmo, comunicaranse os datos a aquelas entidades, empresas ou asociacións, que colaboren coa Secretaría Xeral da Emigración no desenvolvemento dos diferentes programas ou accións do seu ámbito de actuación.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos)
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE


- Resolución do 5 de maio de 2023, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a participación no programa Conecta co Camiño, dirixido a mozos e mozas de orixe galega ou descendentes de persoas emigrantes galegas e que residan no exterior, e se realiza a súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento PR930D).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Secretaría Xeral da Emigración

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://ede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora


**XUNTA
DE GALICIA**SECRETARÍA
XERAL DA
EMIGRACIÓN

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA SOLICITANTE SOBRE A FAMILIA DE ACOLLIDA EN GALICIA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que as persoas que figuran a continuación teñen coñecemento da miña intención de prolongar a estadia en Galicia durante días unha vez finalizadas as actividades do programa Conecta co Camiño 2023, e aceptan acollerme na súa casa nese período.

NOME E APELIDOS	PARENTESCO	ENDEREZO	LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Secretaría Xeral da Emigración

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA
DE GALICIA**SECRETARÍA
XERAL DA
EMIGRACIÓN

ANEXO IV

INFORME MÉDICO

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	N.º DE COLEXIADO/A, MATRÍCULA OU SIMILAR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CENTRO ASISTENCIAL OU ENTIDADE NA QUE PRESTA SERVIZOS			
<input type="text"/>			

INFORMA

Que , con NIF/pasaporte ,

non padece enfermidade infectocontaxiosa e é apto/a para participar, con normalidade, en actividades recreativas e deportivas, así como para realizar unha viaxe de longa duración.

O/a paciente debe seguir o seguinte tratamento:

Debido a:

Alerxias:

Observacións:

SINATURA DA PERSOA FACULTATIVA

Lugar e data

, de de 